


AS ASOCIACIÓNS SECTORIAIS DO AUDIOVISUAL REÚNENSE PARA FACER BALANCE TRALA REUNIÓN CO CONSELLEIRO DE CULTURA



Xuntanza avaliativa das asociacións audiovisuais galegas

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2020. As Asociacións representativas do tecido profesional e empresarial que forman a base do sector audiovisual galego; nomeadamente AAAG, ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL, AGAG, AGAPI, CREA e PROXECTA; reúnense para facer balance da xuntanza mantida esta mañá co Conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez.

Recollendo a boa disposición por parte da Xunta de Galicia en traballar nun plan de medidas específico que axude a paliar a situación no sector da cultura, os presentes mostraron a súa total conformidade para apoiar a concreción desas medidas previstas nun prazo de 15 días.

Coincidiron en recalcar a vontade por parte do Conselleiro de dar cumprimento ós compromisos adquiridos con anterioridade á crise sanitaria e emprazáronse a seguir traballando de forma conxunta nun escenario de futuro que permita revertir e mitigar a difícil situación que atravesan as empresas e profesionais do colectivo.

